

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	A BAÑA
<b>Edificio</b>	Igrexa de Santa María de Ordoeste
<b>Dirección</b>	Ordoeste, 7. 15863
	42.94127736213441 -8.783510613196468
<b>Protección</b>	
<b>Descrición</b>	Igrexa construída en diferentes etapas pero no que destaca o estilo barroco e o neoclásico da torre do campanario. Dunha soa nave e co presbiterio destacado do resto do edificio na súa altura. Tellado a dúas augas e cuberta con tella do país. Fachada sinxela e carente de adornos onde se abre unha porta alintelada, con molduras nas xambas, e un gran van rectangular con cristais por enriba dela. No medio das dúas unha cruz de mármore, e rematando o cume unha cruz sinxela de pedra. Torre do campanario de tres corpos, acaroadado á fachada, que arranca de base cadrada con pilastras e remata en cornixa saínte. O primeiro corpo leva catro columnas que compoñen catro ocos de arco de medio punto para poñer as campás. O segundo octogonal con catro ocos e o terceiro confórmao unha pequena cúpula rematada en pináculo de bóla. As esquinas do tellado van adornadas co mesmo elemento de decoración.
<b>Campás</b>	2 campás.
<b>Fotos</b>	1
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autores da documentación</b>	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
<b>Data</b>	28-04-2021

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	<a href="#">Campá menor (2)</a>	<a href="#">SERNA, JOSÉ FRANCISCO (SANTIAGO DE COMPOSTELA)</a>	1820	50	72
Torre-campanario	<a href="#">Campá maior (1)</a>	<a href="#">PALACIO, DÁMASO</a>	1846	55	96

Información completa: [Igrexa de Santa María de Ordoeste - A BAÑA \(GALICIA\)](#)

